Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Tapefobia

Hai uns días na xornada de literatura de tradición oral falamos de diferentes tipos de medo e un que se comentou foi o que se chama tapefobia, tapofobia ou tafofobia (de ‘taphos’, sepulcro), pánico que teñen algunhas persoas a seren enterradas con vida. Como en todo tipo de fobias, esta xerou moita literatura e moitas noticias, algunhas verdadeiras e outras falsas, describindo inventos e ocorrencias para evitar que tal cousa puidese chegar a suceder.

Circularon e circulan rumores describindo casos arrepiantes como atopar, un tempo despois do soterramento, cadáveres remexidos dentro do ataúde, rostros convulsionados, rascaduras no corpo e nas paredes interiores da caixa e outras evidencias de que o morto non estaba ben morto cando lle deron sepultura.

Disque os velorios —a palabra procede do latín “vigilare”— non se idearon para acompañar senón para vixiar en comunidade e durante un tempo se o morto o estaba ou non. Vese que a catalepsia, esa perda momentánea da mobilidade e sensibilidade do corpo, xa deu que falar e que pensar desde tempos recuados.

No século XIX fundouse no Reino Unido unha sociedade para a prevención de persoas enterradas vivas que facía moitas recomendacións para instalar remedios e alarmas dentro dos ataúdes que axudasen ao vivo,

aparentemente morto, en caso de espertar para avisar do seu estado. Un destes inventos, atribuído a George Bateson consistía en colocar unha campá de ferro na tapa do cadaleito e conectala cunha corda á man do morto de maneira que, de moverse, accionase o badalo e avisase da súa lúgubre situación. A Bateson, que se fixo rico co invento, non lle foi de aplicación o seu remedio que, por certo, pode ser a orixe da expresión: Salvado pola campá! Bateson entoleceu e inmolouse ao bonzo en 1886.

Ao duque de Vellington falecido en 1858 tivérono dous meses en observación ata que se decidiu que estaba efectivamente morto e se podía enterrar. G. Washington, primeiro presidente dos USA, pediu que deixasen pasar 78 horas desde o hipotético falecemento ata a inhumación. H. C. Andersen pediu que lle abrisen as veas antes de enterralo e sempre que viaxaba poñía a carón do corpo unha nota que dicía: Non estou morto; só estou durmido!

Outros pediron por vía testamentaria que os decapitasen antes de levalos á fosa e o médico Timothy Clark Smith, de Vermont (USA), falecido en 1893 ideou un sofisticado sistema de reacción en caso de que tal cousa sucedese. Comunicou o leito onde depositarían o seu cadáver co exterior cunha cheminea rematada nun cristal translúcido de maneira que se berraba o tubo amplificase a voz, e se espertaba, puidese saber se era de día ou de noite.

E. Allan Poe fíxose eco da preocupación social sobre o asunto e escribiu en 1844 un relato aterrecedor titulado “O enterro prematuro”. O narrador, despois de facerse eco de varios casos supostamente reais, describe con profusión de detalles o estado cataléptico que padece. Consciente do risco que corre de que o enterren vivo, fai unha serie de obras e instala artefactos preventivos no panteón familiar. Todo tería que funcionar á perfección en caso de precisalo pero...

El Progreso, 15 de novembro de 2021